## 6.- AS WIKIS

### Usos

As wikis créanse e edítanse de forma colaborativa. Pódese usar unha wiki en Moodle para axudar aos estudantes a desenvolver o seu coñecemento xuntos cando están a traballar nun proxecto grupal, contribuíndo á investigación ou escribindo un ensaio grupal pero non teñen por que empregarse unicamente para o traballo en grupo. Os wikis individuais poden actuar como un diario persoal para as notas do exame.

Os profesores tamén poden usar unha wiki en Moodle para planificar un calendario de traballo, reunión ou axenda.

### Como engadir unha wiki a Moodle?

Primeiro, vai á páxina do curso e activa a edición desde a ligazón no menú de configuración.

A continuación, desde a sección onde desexa a wiki, fai clic en "engadir unha actividade ou recurso".

Fai clic en "wiki" unha vez para atopar información útil sobre o wiki ou fai clic en "wiki" dúas veces para ir directamente á pantalla de configuración.

Unha vez na pantalla de configuración, engade un nome e unha descrición do que desexas que fagan os alumnos na wiki.



Na pantalla de configuración, tamén terás a opción de escoller se desexas que a wiki sexa colaborativa ou individual.

A continuación, elixe o nome da primeira páxina. Asegúrate de estar satisfeito/a con este nome antes de continuar, xa que non se pode cambiar máis tarde.




Fai clic en "gardar e amosar" para iniciar a túa wiki.



Agora podes engadir páxinas á túa wiki. Se non estás seguro/a de en que formato colocar a páxina, déixaa como predeterminada.

Fai clic en "crear páxina".

Agora tes a túa primeira páxina wiki.

Logo de configurar o wiki, este quedará dispoñible para ser editado, mostrándose a pantalla de edición da primeira páxina.

No centro da páxina verás a área de edición da túa páxina wiki. Se elexiches o modo “Só HTML”, poderás usar o editor HTML como farías con calquera outro documento. Podes engadir imaxes, táboas, e calquera outro formateo que desexes. Para engadir outras páxinas wiki á túa wiki, simplemente escribe unha palabra entre corchetes dobres [[exemplo]]




Se aínda non creaches unha páxina con ese nome, Moodle porá en cor vermello a palabra.

Por exemplo, se escribes a palabra "[[biodiversidade]]" na páxina, Moodle irá a ver se xa foi creada unha páxina co nome “biodiversidade”. Se non foi así, cando vexas a páxina verás a palabra “biodiversidade” en vermello e en cursiva.




Se premes enriba, irás á vista de edición da nova páxina wiki.




Unha vez que engadas algún contido e gardes a páxina, ésta voltarase activa. Tódalas veces que escribas esa mesma palabra entre corchetes, Moodle creará automaticamente unha ligazón á páxina.

